

ORIENTACIÓNS BÁSICAS FRONTE Á COVID-19
Curso 2020-2021
(versión 2: 5.10.2020)

Estas orientacións, que pretenden facilitar a organización e o funcionamento da Facultade de Dereito durante o curso 2020-2021, resumen e complementan a normativa sanitaria, as normas xerais da UDC e as indicacións das autoridades da Facultade.

Entradas e saídas da Facultade

As portas de entrada e saída atópanse rotuladas e ben diferenciadas para facilitar o fluxo de estudantes, profesorado e traballadores no centro.

A entrada ao edificio realizarase pola porta principal (andar baixo). O persoal docente e investigador poderá tamén acceder pola porta traseira (andar 3º).

A saída do edificio da Facultade de Dereito realizarase pola porta principal (andar baixo) e pola porta traseira con peche de seguridade e barra de apertura interior (andar 3º).

As escaleiras de subida serán as situadas na parte dianteira do edificio, tanto á esquerda como á dereita.

As escaleiras de baixada serán as situadas na parte traseira do edificio, tanto á esquerda como á dereita, e a escaleira central.

As escaleiras dianteiras e traseiras entre o 2º andar e o 3º andar terán dobre dirección e serán de subida e baixada.

Máscara e distancia de seguridade

Todas as persoas que estean na Facultade de Dereito deberán facer uso da máscara e manter a distancia de seguridade interpersoal en todo momento, agás nos despachos ou lugares de traballo de uso individual sen presenza doutras persoas.

Xel hidroalcolico

Existen dispensadores de xel hidroalcolico en puntos estratéxicos da Facultade para o uso das persoas que accedan ao centro.

Corredores

Co fin de garantir a distancia de seguridade nos desprazamentos polo centro colócase sinalización horizontal no chan e nas escaleiras indicando as direccións de circulación.



Ascensores

O uso do ascensor está restrinxido a persoas con limitacións ou dificultade de mobilidade e ao persoal autorizado.

Aulas

As aulas con dúas portas terán sinalizadas a entrada na parte traseira e a saída na parte dianteira. O alumnado realizará a entrada pola porta traseira e a saída pola porta dianteira. O profesorado entrará e sairá pola porta dianteira.

O profesorado e o estudantado deberán procurar que, ao finalizaren as aulas, fiquen abertas as xanelas para permitir a ventilación.

Cada estudante ocupará o mesmo posto durante todo o cuatrimestre. O posto estará numerado para facilitar a súa identificación.

A indumentaria, bolsos, mochilas etc. colocaranse debaixo de cadansúa cadeira.

Ao acceder ou abandonar as aulas, haberá que lavar as mans con auga e xabón ou utilizar xel hidroalcohólico.

Aseos

Os aseos contan con carteis informativos sobre a súa capacidade e o lavado de mans. Instaláronse dispensadores de papel para secado de mans. Os secadores de mans atópanse fóra de servizo.

Plan de prevención e hixiene

A Facultade dispón dun plan de prevención e hixiene propio promovido polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais que recolle as medidas en materia de seguridade fronte a pandemia adoptadas e, en particular, como se reflicten no centro. Ademais, existen plans específicos preparados polos Servizos de biblioteca, reprografía, limpeza e cafetería.

É importante consultar con frecuencia a páxina web, onde se publicarán as novas e posibles modificacións (<http://www.dereito.udc.es/protocolo-covid-19/>).

Aparición ou comunicación dun caso de covid-19

Se un profesor/a ou estudante da Facultade de Dereito presenta síntomas compatibles coa covid-19 ou estivo en contacto cun caso de covid-19 posible, probable ou confirmado, ademais de seguir as indicacións das autoridades sanitarias, debe comunicalo por correo electrónico aos enderezos info.covid@udc.gal; pri@udc.es; decano.dereito@udc.es; decanato.dereito@udc.es, para que os servizos da Universidade e da Facultade podan adoptar as medidas necesarias.